



XESTIÓN DE DATOS COLEXIAIS: SOCIEDADES PROFESIONAIS

(VER INSTRUCCIÓN DE PRESENTACIÓN AO DORSO)

D. / Dona _____ *

con DNI nº _____ * Colexiado/a do Colexio de Arquitectos co nº _____ *, como

administrador/a da sociedade _____ *,

☐ inscrita no Colexio de Arquitectos co nº _____ *, solicita que se proceda a ☐ RECTIFICAR e/ou
☐ INCORPORAR os seguintes datos no rexistro de sociedades profesionais do Colexio de Arquitectos:

☐ como parte do procedemento de alta no Colexio de Arquitectos, solicito que se proceda a INCORPORAR os
seguintes datos no rexistro de sociedades profesionais do Colexio de Arquitectos:

☐ Denominación social: _____

☐ CIF _____

☐ Capital Social. O capital social da sociedade indicada, está integrado polos seguintes socios:

Nome e apelidos / Denominación social	DNI	Nº Colexiado	% Participación

☐ Órgano de Administración. O órgano de administración da sociedade indicada, para a ter a seguinte composición:

Nome e apelidos / Denominación social	DNI	Nº Colexiado	Cargo

Nota: para cambiar os datos deste recadro, deberá presentarse a documentación que o acredite.

Datos de contacto

☐ Enderezo _____

☐ Código Postal _____ ☐ Concello _____ ☐ Provincia _____

☐ Teléfono _____ ☐ Fax _____ ☐ Móbil _____

☐ Correo electrónico (xeral) * _____

☐ Correo electrónico (visado) _____

En _____ a _____ de _____ de 20 ____

*Asdo.: D. / Dona _____

(*) CAMPOS OBRIGATORIOS.

Nota: Cubrir os datos, sinalando cun "X" os cambios desexados. En caso de comunicación de datos por incorporación ao Colexio de Arquitectos, non será necesario indicar o número de inscrición da sociedade.

De acordo coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), informámoslle de que os seus datos de carácter persoal que voluntariamente facilite serán incluídos e tratados de xeito confidencial nos ficheiros "Colegiados / Colegiados-Gestión Interna" cuxo responsable é o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para a finalidade de xestión interna dos datos dos Colexiados e xestión do arquivo público de arquitectos Colexiados. Ao cumprimentar este documento vostede consente expresamente que se poda levar a cabo o tratamento dos seus datos de carácter persoal. Así mesmo, vostede poderá exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que recoñece a Lei dirixíndose por escrito ao Colexio de Arquitectos, con domicilio en Praza da Quintana, 3. Casa da Conga. 15704-Santiago de Compostela.



XESTIÓN DE DATOS COLEXIAIS: SOCIEDADES PROFESIONAIS

Conforme ao estipulado no Art. 16.3, h) dos Estatutos do Colexio de Arquitectos, os/as Colexiados/as están obrigados comunicarlle ó Colexio de Arquitectos o seu modo ou modos de exercicio profesional no momento de solicitar a súa incorporación ao Colexio, as variacións que nestes modos se produciren posteriormente, os cambios de domicilio profesional, e demais circunstancias que deben ser de coñecemento do Colexio segundo estes Estatutos.

Por outra parte, o art. 4.1, G) do Regulamento do Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio de Arquitectos, as sociedades incorporadas a este Rexistro teñen a obrigaón de deixar constancia de calquera cambio de socios e administradores e calquera modificación do contrato social.

A comunicación de datos no momento de incorporación ao Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio de Arquitectos, deberase efectuar seguindo o disposto no procedemento colexial para tramitación de ALTAS. A modificación dos datos dunha sociedade profesional presentando o presente formulario, non exime ao solicitante da obrigaón de cumprir cos requisitos establecidos no procedemento de alta colexial, en caso de que así o estime a Secretaría colexial.

Aqueles Colexiados que desexen actualizar os datos que figuran na súa ficha colexial, ou na ficha daquelas sociedades das que sexan administradores, poderán facelo mediante calquera dos seguintes procedementos:

- 1.- Actualización directa polo usuario na ferramenta web. (ONLINE)
- 2.- Solicitar a actualización á área de Administración / Secretaría colexial (entregando este modelo).

Para proceder á modificación dos datos relativos a denominación social, CIF, composición do capital social ou dos órganos de administración da sociedade, haberá que ter en conta que:

- Deberase aportar copia simple ou autorizada da documentación xustificativa do cambio (Ex. Novo CIF, escritura notarial con inscrición no Rexistro Mercantil, etc).
- Neste suposto a actualización de datos só será efectiva cando se efectúe mediante solicitude á Secretaría colexial.

1.- ONLINE

O/A Colexiado/a que figure como administrador/a da sociedade, poderá modificar os datos existentes na ficha colexial da sociedade directamente mediante a ferramenta web, validando os cambios mediante un dos seguintes medios:

- Empregando un Certificado dixital autorizado polo Colexio de Arquitectos (DNI dixital ou chave VD).
- Introducendo o seu contrasinal, se figura de alta como usuario autorizado

2.- SOLICITAR A ACTUALIZACIÓN Á SECRETARÍA COLEXIAL.

A realización de calquera corrección na base de datos colexial, requirirá a presentación da seguinte ficha debidamente cumprimentada e asinada polo administrador da sociedade acompañada dunha fotocopia do seu DNI.

DEBERANSE INDICAR, ADEMAIS DAQUELES DATOS QUE DESEXE RECTIFICAR OU ENGADIR Á FICHA COLEXIAL DA SOCIEDADE, OS SEGUINTE DATOS:

- **A DENOMINACIÓN SOCIAL E O NÚMERO DE INSCRICIÓN DA SOCIEDADE.**
- **NOME E APELIDOS, Nº DE COLEXIADO E SINATURA DO ADMINISTRADOR DA SOCIEDADE.**

A entrega poderá efectuarse en calquera oficina do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ou remitíndoa por correo postal ao seguinte enderezo:

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
Praza da Quintana, 3
15704 Santiago de Compostela.